Dos plans e programas de investimento e financiamento darase conta, no seu caso, ao Pleno da Corporación coincidindo coa aprobación do orzamento, debendo ser obxecto de revisión anual, engadindo un novo exercicio ás súas previsións.

SÉTIMO.- O artigo 165 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais prevé que cada un dos Orzamentos que integran o Orzamento Xeral conterá:

- Os estados de gastos, nos que se incluírán, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.
- Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.
- As Bases de Execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións considérense oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modificar o lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde



administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o Orzamento.

OITAVO.- O contido das Bases de Execución do Orzamento regúlase no artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, establecendo que estas poderán remitirse aos Regulamentos ou normas de carácter xeral ditadas polo Pleno, e que conterán, entre outras materias:

- Os niveis de vinculación xurídica dos créditos.
- A relación expresa e taxativa dos créditos que se declaren ampliables, con detalle dos recursos afectados.
- A regulación das transferencias de créditos, establecendo, en cada caso, o órgano competente para autorizalas.
- A tramitación dos expedientes de ampliación e xeración de créditos, así como de incorporación de remanentes de créditos.
- As normas que regulen o procedemento de execución do Orzamento.
- As desconcentracións ou delegacións en materia de autorización e disposición de gastos, así como de recoñecemento e liquidación de obrigas.
- Os documentos e requisitos que, de acordo co tipo de gastos, xustifiquen o recoñecemento da obriga.
- A forma en que os perceptores de subvencións deban acreditar o atoparse ao corrente das súas obrigas fiscais coa Entidade Local e xustificar a aplicación de fondos recibidos.



- Os supostos nos que poidan acumularse varias fases de execución do orzamento de gastos nun só acto administrativo.
- As normas que regulen a expedición de ordes de pago a xustificar e anticipos de Caixa fixa.
- A regulación dos compromisos de gastos plurianuais.

NOVENO.- Os estados de ingresos dos Orzamentos confeccionaranse conforme ao regulado nos apartados 1 e 2 do artigo 167 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo ue modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

DÉCIMO.- Do mesmo xeito, os estados de gastos ateranse ao disposto no citado artigo 167 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro pola que se aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais.

UNDÉCIMO.- Os artigos 168 e 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais regulan o procedemento de aprobación dos Orzamentos, establecendo que:

1º.- O Orzamento da Entidade Local será formado pola Alcaldía e a el haberá de unirse a seguinte documentación:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente.



- Liquidación do Orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente, referida, polo menos, ao seis primeiros meses do exercicio corrente.
- Anexo de persoal da Entidade Local.
- Anexo dos investimentos a realizar no exercicio. De conformidade co previsto no artigo 19 do Real Decreto 500/1990 recollerá a totalidade dos proxectos de investimento que se prevexan realizar no exercicio e deberá especificar para cada un dos proxectos: código de identificación, denominación de proxecto, ano de inicio e ano de finalización previstos, importe da anualidade, tipo de financiamento determinando se se financia con recursos xerais ou con ingresos afectados, vinculación dos créditos asignados, e órgano encargado da súa xestión.
- Un informe económico-financeiro, no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas exixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do Orzamento.
- Un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus Organismos e Entidades dependentes. O informe emitirase con carácter independente ao previsto no apartado anterior, en virtude do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.



2º.- Sobre a base dos Orzamentos do Concello e dos Organismos Autónomos e dos estados de previsión das Sociedades Mercantís, a Alcaldía formará o Orzamento Xeral e remitirao, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados nos artigos 166.1 e 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao Pleno antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución. O acordo de aprobación, que será único, haberá de detallar os Orzamentos que integran o Orzamento Xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

A competencia plenaria para a aprobación do Orzamento fundaméntase ademais no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, con concordancia co artigo 64.2.F) da Lei 5/1997, do 22 de xullo. de Administración Local de Galicia, e o artigo 2.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

3º.- Aprobado inicialmente o Orzamento Xeral, exporase ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O Orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A estes efectos teñen a condición de interesados os habitantes do termo municipal, e quen resulten directamente afectados, aínda que non habiten nese territorio; ademais os Colexios Oficiais, Cámaras Oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.



Poderán presentar reclamacións contra o Orzamento, unicamente: por non axustarse a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no TRLRFL, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á Entidade Local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo, ou por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

4º.- A aprobación definitiva do Orzamento Xeral haberá de realizarse, polo Pleno antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio en que deba aplicarse.

5º.- O resumo por capítulos do Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será publicado no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se inserirá o Orzamento no Boletín Oficial da Corporación, se o tivese.

6º.- Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial a que se refire o apartado anterior.

7º.- O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado 5º anterior.

8º.- Se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o Orzamento correspondente, considerarase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, e 179 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e até a entrada en vigor do novo Orzamento. A



prórroga non afectará os créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

DUODÉCIMO.- Copia do Orzamento e das súas modificacións deberá acharse a disposición do público, a efectos informativos, desde a súa aprobación definitiva até a finalización do exercicio (art. 169.7 TRLRFL).

DECIMO TERCEIRO.- Con carácter previo a calquera acordo plenario, o expediente deberá someterse a estudo pola Comisión Informativa de Facenda, por así esixilo, entre outros, os arts. 20.1-c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82, entre outros, do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DÉCIMO CUARTO.- Contra a aprobación definitiva do Orzamento só poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido nos artigos 48 e 107.3 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa; e iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que estimen oportuno (art. 171.1 TRLRFL).

A interposición do recurso non suspenderá, por si soa, a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado (art. 171.3 TRLRFL).



A aprobación definitiva debería haberse efectuado antes do 31 de decembro de 2013 tal e como indica o artigo 169.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como o artigo 20.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril

DÉCIMO QUINTO. A base fundamental para a elaboración do orzamento veñen sendo as

normas contidas nos Proxectos de Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Este ano as Cortes Xerais aprobaron a **Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015** que significan unhas contas austeras que profundizan no proceso de saneamento da economía española.

Trátase dos terceiros Orzamentos que se elaboran desde a aprobación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira que veu desenrolar o mandato contenido no art. 135 da Constitución española reformada o 27 de setembro de 2011, e deu cumprimento ao tratado de estabilidade, coordinación e gobernanza na Unión Económica e Monetaria de 2 de marzo de 2012, garantindo unha adaptación continua e automática á normativa europea.

Un ano máis e tal e como dispón a normativa, o Congreso dos Deputados aprobou a Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, unhas contas, que tal e como se expresa na exposición de motivos, perseguen continuar co mesmo obxectivo que en exercicios anteriores, canto a garantir a sustentabilidade financeira de todas



as Administracións Públicas, fortalecer a confianza na estabilidade da economía española, e reforzar o compromiso de España coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

Doutra banda, as modificacións da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, introducidas pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, resultan de aplicación, canto á súa elaboración, execución e liquidación, aos orzamentos correspondentes ao exercicio 2015 e seguintes, polo que os orzamentos do próximo exercicio serán os primeiros en incluír estes cambios.

Respecto dos gastos de persoal : As retribucións da entidade local non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2014, en termos de homoxeneidade, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo, de conformidade co artigo 20.2 da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015. Tampouco poderán realizarse achegas a plans de emprego nin contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Como vén sendo habitual estes últimos anos, exceptúanse desta «**conxelación salarial**», as adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido do posto de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo, tal e como dispón o artigo 20.7 da LPXE 2015.

En 2015, os empregados públicos percibirán as pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro, e ademais, recuperaran a paga extraordinaria e adicional do mes de decembro de 2012. A través da Disposición Adicional Décima Segunda establécese o procedemento para habilitar a recuperación da mesma:



1.- Cada Entidade Local poderá aprobar o aboamento de cantidades en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, correspondentes ao mes de decembro de 2012.

2.- As cantidades que poderán abonarse por este concepto, sobre o importe deixado de percibir por cada empregado serán as equivalentes á parte proporcional correspondente a 44 días da paga extraordinaria, paga adicional de complemento específico e pagas adicionais do mes de decembro

Naqueles casos nos que non procedese o recoñecemento do dereito á totalidade da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, polos motivos que foren, os 44 días reduciranse proporcionalmente ao cómputo de días que correspondese.

O cómputo da parte da paga extraordinaria e pagas adicionais que corresponde aos 44 días, ou cifra inferior, realizarase, no caso do persoal funcionario ou estatutario, conforme as normas de función pública aplicables en cada Administración, ou, no caso do persoal laboral, ás normas laborais e convencionais, vixentes no momento en que se deixaron de percibir as dicir pagas.

As cantidades que se recoñezan por este concepto ao persoal ao que non se contemple expresamente no seu réxime retributivo a percepción de pagas extraordinarias ou que perciban máis de dúas ao ano, serán as equivalentes a un 24,04 por cento do importe deixado de percibir por aplicación do mencionado precepto.



Ademais, de acordo co establecido no último parágrafo de DA Décima segunda da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, a aprobación por cada Entidade da recuperación da paga extra estará condicionada ao cumprimento dos criterios e procedementos establecidos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Estabilidade Financeira.

Así por Resolución da Alcaldía número 19/2015, do 23 de xaneiro do 2015 aprobouse nos termos que na mesma figura o abono de dita recuperación da paga extraordinaria e adicional nos termos da Resolución do 29 de decembro de 2014, conxunta das Secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos de Administracións Públicas, pola que se dictan instrucións para a aplicación efectiva, no ámbito do sector público estatal, das previsións da disposición adicional décima segunda, da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2015.

Respecto da oferta de emprego público establécese, do mesmo xeito que en anos anteriores, que ao longo de 2015 non se incorporará novo persoal no sector público -art. 21.1 LPXE 2015-.

Tampouco se contratará persoal temporal, nin se nomeará persoal estatutario temporal ou funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables -art. 21.2 LPXE 2015-.

A incidencia práctica sobre o capítulo I. Gastos de Persoal do Orzamento 2015: As Entidades Locais que aproben o aboamento de cantidades en concepto de recuperación do 25% dos importes correspondentes á paga extraordinaria, así como da paga adicional de



complemento específico ou pagas adicionais equivalentes, de decembro de 2012, poderán atoparse en dúas circunstancias:

1. Entidades Locais que declararon a cantidade equivalente á paga extra do mes de decembro de 2012 como crédito non dispoñible: deberán orzar ex novo o 25% desa cantidade, que é o suposto do Concello de Ares.

2. Entidades Locais que non declararon a cantidade equivalente á paga extra do mes de decembro de 2012 como crédito non dispoñible pero que afectaron o gasto : disporán dun remanente de tesourería afectado por ese mesmo importe, que incorporarán durante 2015 nun 25% para poder efectuar o pago.

As nóminas dos empregados públicos das Entidades Locais deberán recalcularse de acordo coas novas porcentaxes de retención aprobados polo Real Decreto 1003/2014, de 5 de decembro, de modificación do IRPF e os importes consignados no citado orzamento para gastos de Seguridade Social e demais Gastos Sociais poderán variar respecto dos de exercicios anteriores.

— Plantila de persoal 2015: A plantila de persoal non poderá ser aumentada en número de efectivos, ao non estar permitida a incorporación de novo persoal.

— Anexo de Persoal Orzamento 2015: Neste anexo do Orzamento relaciónanse e valoran os postos de traballo existentes na entidade local, deberá elaborarse tendo en conta as limitacións establecidas na LPXE 2015, respecto de retribucións e oferta pública de emprego, para que exista unha adecuada correlación cos créditos para persoal incluídos no orzamento.

— Relación de Postos de Traballo 2015: A relación de postos de traballo que se aprobe para o exercicio 2015 deberá respectar os límites establecidos na LPXE 2015, no relativo aos



sistemas de provisión e as retribucións complementarias recollidas na mesma.

Respecto dos coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do TRLCI :

Tal e como establece o artigo 32.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (TRLCI), e co fin de poder axustar a realidade catastral á actual situación do mercado inmobiliario, o artigo 62 da LPXE 2015, fixa para 2015, os Coeficientes de actualización de valores catastrais do artigo 32.2 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario con arranxo ao cadro previsto na LPXE 2015.

Os coeficientes para os relatorios dos anos 1988 a 2003 mantéñense iguais que en 2014, con todo os coeficientes de decremento reducíronse para o exercicio 2015.

Ademais, de conformidade coa Disposición Adicional décimo terceira do TRLRHL, os municipios nos que resulte de aplicación esta actualización de valores catastrais, poderán adecuar as súas ordenanzas fiscais aos coeficientes previstos, de maneira que, o prazo para aprobar e publicar o tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles ampliarase para eles ata o 1 de marzo do exercicio en que se aplique o correspondente coeficiente.

Téñase en conta que, no caso de que a entidade local non solicite a aplicación dos coeficientes de actualización catastral, seralle de aplicación a subida de tipos de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles para os bens inmóbles urbanos en 2015 -medida prorrogada polo artigo 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e adóptanse outras medidas tributarias e financeiras-.

Cabe lembrar que ambas as medidas, actualización de valores catastrais e subida do tipo impositivo, non son compatibles.



Respecto das Entregas a conta PTE 2015 : As entregas a conta que recibirá a entidade local en 2015 aumentan un 4,8% respecto das recibidas en 2014.

En 2015, a partida correspondente a entregas a conta ascende a 17.210 millóns de euros (importe 2015 considerando ampliación do prazo de reintegro das liquidacións negativas 2008-09), un 4,8 % máis que as recibidas en 2014, que se situaron en 16.423 millóns de euros (importe liquidación definitiva PTE 2014 publicada polo MHAP).

Respecto dos reintegros de saldos debedores PTE 2008 e 2009 : Con carácter xeral, modificouse en 2012 o procedemento de reintegro dos saldos a cargo das Entidades Locais, resultantes das liquidacións definitivas dos exercicios 2008 e 2009, ampliándose de 60 a 120 mensualidades o período de reintegro aplicable.

En 2014, posibilitouse dispor de dez anos máis para reintegrar estas liquidacións negativas, tras a aprobación do Real Decreto-lei 12/2014, de 12 de setembro, si así se solicitaba antes do 30 de novembro.

E en 2015, o Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, habilita un mecanismo para reintegrar os saldos debedores das liquidacións definitivas da participación nos tributos do estado do ano 2013, procedemento igual ao previsto para as liquidacións negativas de 2008 e 2009, cun prazo de devolución de 120 mensualidades a contar a partir de xaneiro de 2015. Debiéndose solicitar polas propias entidades locais afectadas que cumpran análogos requisitos aos establecidos para o reintegro das liquidacións negativas de 2008 e 2009.



Respecto do cumprimento da Estabilidade Orzamentaria e a Regra de gasto : Unha vez máis e seguindo na liña de anos anteriores, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto das Entidades Locais, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento, fixarase no 0% para o exercicio seguinte.

Respecto ao cumprimento da Regra de gasto, o límite de gasto non financeiro para este período é menor que o establecido para 2014, fixándose unha taxa de referencia do 1,3 para o exercicio 2015.

O Orzamento de Ingresos e Gastos 2015: O Orzamento da Entidade (diferenza entre o Capítulo I a VII de Ingresos e Gastos) deberá cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria déficit cero e o Orzamento de Gastos (Capítulos I a VII de Gastos menos intereses) non poderá ser superior ao 1,3% respecto da liquidación de 2014.

Límite de endebedamento : A Disposición Final 31ª da Lei 17/2012, de 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2013 (LPXE 2013), regulou os límites para a formalización de novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos, é dicir, o límite ao endebedamento, debuxando tres posibles escenarios:

a) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva inferior ao 75% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para o financiamento de investimentos.

b) As Entidades locais con aforro neto positivo na liquidación do exercicio anterior e débeda viva entre o 75% e o 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, poderán formalizar operacións de endebedamento previa autorización do órgano competente que teña atribuída a tutela financeira das Entidades locais.



c) As Entidades locais que presenten aforro neto negativo na liquidación do exercicio anterior ou débeda viva superior ao 110% dos ingresos correntes liquidados consolidados, NON poderán concertar operacións de crédito a longo prazo.

No articulado da LPXE 2015 non se establece ningún cambio en relación cos límites ao endebedamento das entidades locais, por tanto, tendo en conta a vixencia indefinida da DF 31ª da LPXE 2013, prorroganse os límites incluídos na Lei de Orzamentos de 2013.

Introducése a través da Disposición Final primeira Dúas, do Real Decreto-lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, de dous novos Anexos a unir aos ORZAMENTOS que se aproben a partir do 1 Xaneiro 2015 (Real decreto-lei que modifica o artigo 168 do TRLHL) :

— Anexo de beneficios fiscais en tributos locais; Anexo onde se incluírán de maneira detallada os beneficios fiscais en tributos locais ordenados pola Entidade e a súa incidencia nos ingresos do Concello de face ao exercicio 2015.

— Anexo de convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social; Anexo onde se indican os Convenios subscritos coa CCAA en vigor, e especificase: a contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio ao que se refire o orzamento que se aproba (2015), as obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobranza recoñecidos en exercicios anteriores, aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que devanditos convenios inclúen a cláusula



de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

O obxectivo de devandito Anexo é deixar constancia real do convenio que se teñen subscritos entre a CCAA e a Entidade Local, e así poder garantir o adecuado financiamento dos servizos públicos esenciais, xa que en caso de verificarse o incumprimento das obrigacións de pago derivadas dos devanditos convenios, a Administración se reserva a posibilidade de reter os devanditos recursos.

En cando ao réxime aplicabe ao refinanciamento : A Disposición Adicional Septuaxésima sétima da Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, recolle nos mesmos termos que xa fixo a LPXE 2014, a posibilidade de refinanciar operacións de débeda polas EELL.

Para a concertación deste tipo de operacións, as Entidades Locais terán que cumprir unha serie de requisitos:

- Que se cumpra, polo menos, un dos obxectivos marcados pola propia disposición respecto das operacións de préstamo a refinanciar:
 - Diminuír a carga financeira
 - Ampliar o período de amortización
 - Diminuír o risco da operación
- Non todas as operacións financeiras serán susceptibles de ser refinanciadas nesta operación. En concreto:



- Non se poderán incluír as operacións formalizadas en aplicación dos artigos 177 e 193 do TRLHL (préstamos de lexislatura).

- Non se poderán refinciar operacións concertadas ao amparo do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais (plan de pago a provedores), nin posteriores.

O refinanciamento destas operacións permitiuse de maneira excepcional soamente durante o exercicio 2014.

Nova codificación : Aprobada pola citada Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo, que modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, que entra en vigor nos orzamentos de 2015, ten carácter pechado e obrigatorio para as Entidades Locais a nivel de área de gasto, política de gasto e grupos de programa. Canto aos programas e subprogramas considérase teñen carácter aberto a condición de que non se recollan expresamente no Anexo I da Orde.

As novidades nos códigos de clasificación por programas dos orzamentos de gastos son:

A entidade local deberá adecuar as súas ferramentas de contabilidade de forma que cada aplicación orzamentaria estea clasificada segundo clasificación por programas a nivel de grupo de programa ou programa e segundo clasificación económica a nivel de concepto ou subconcepto.



Esta nova regulación, non ten ningunha consecuencia respecto dos niveis mínimos de vinculación xurídica establecidos no artigo 29 do RD 500/1990, recollidos por cada entidade local nas súas Bases de Execución do Orzamento.

Refinanciación préstamo FF.PP.: Cumpre significar que o Concello de Ares ao abeiro do Real Decreto-Lei 8/2014, do 4 de xullo, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, por acordo plenario de 29 de decembro do 2014 acordou interesar do MHAP autorización para refinar a operación de préstamo suscrita ao abeiro do FF.PP. (R.D-L 4/2012).

O Concello de Ares, no que se refire ao exercicio 2015 deberá elaborar o orzamento, tendo en conta que os ingresos derivados do sistema de financiación e o resto de recursos das entidades locais veránse condicionados polo escenario económico de saneamento económico, estando en relación ao endebedamento, ao que dispoña o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e, no seu caso, á Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera xa analido no apartado anterior.

En materia de servizos públicos, o Concello de Ares deberá emprender as actuacións que sexan necesarias para a mellora da eficiencia na súa prestación, de maneira que se eviten duplicidades na actuación das Administracións Públicas, e **levará a cabo os compromisos que se adopten en materia de reordenación e racionalización do sector público local.**

É de significar a necesidade de cumprir estrictamente o Plan de Axuste a que está sometido este Concello; Plan de Axuste aprobado polo Pleno do Concello na sesión do día 28 de marzo do 2012 e valorado favorablemente pola Secretaría Xeral de Coordinación Autónoma e Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con data 30 de abril



do 2012, no marco das medidas previstas no Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais.

O Plan de axuste aprobado, estenderase durante o período de amortización previsto para a operación de endebedamento do art. 10 do Real Decreto-Lei 4/2012, debendo os orzamentos xerais anuais que se aproben durante o mesmo, ser consistentes co mencionado plan de axuste.

Insistese por esta Secretaría-Intervención no marco dun escenario de saneamento económico, a necesidade de acompañar o Plan de Axuste dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha reducción dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estrutura de personal ao servizo da Entidade e reordenando os órganos Colexiados.

- **DÉCIMO SEXTO.-** As cantidades correspondentes ás retribucións de cargos electivos, mantéñense “conxeladas” nas mesmas contías ca nos exercicios do 2012, 2013 e 2014, sen incrementos. Para atender ás adicacións exclusivas e parcial dos membros da Corporación, órzase o mesmo importe que o ano 2014. Convén destacar que a súa percepción é incompatible coa de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos Colexiados da Corporación de que forma parte, segundo a redacción que a Lei 14/2000 lle dá á Lei 7/1985. Os importes das axudas de custo dos membros da Corporación, dos gastos de locomoción, das asignacións por asistencias dos membros da Corporación e demais



indemnizacións tamén se manteñen “conxeladas”, sen incrementos, e quedan fixadas nas contías que se establecen nas Bases de Execución deste orzamento.

No orzamento dáse cumprimento ao artigo 104.bis da Lei 7/1985, introducido pola Lei 27/2013 nos termos da Disposición Transitoria Décima da citada Le 27/2013.

Os capítulos terceiro e noveno da clasificación económica dótanse coas cantidades necesarias para atender o pagamento de intereses e amortizacións previstos para a débeda desta Corporación durante o exercicio incluída a nova operación de préstamo suscrita ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago ós provedores das entidades locais, sendo de destacar que tras as medidas adoptadas pola Corporación co acordo plenario da sesión extraordinaria do día 11 de xuño do 2014 relativo a adhesión ás condicións previstas na Resolución de 13 de maio de 2014, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, pola que se dá cumprimento ao Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, de 24 de abril de 2014, para a modificación de determinadas condicións financeiras das operacións de endebedamento subscritas con cargo ao mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais, e que permite a aquelas entidades locais con débeda pendente de amortizar por operacións formalizadas con entidades financeiras derivadas da primeira fase do mecanismo do pago a provedores, a posibilidade de ampliar o prazo de amortización e de carencia, así como a rebaixa do tipo de interese dos préstamos formalizados no marco da 1ª fase do Plan de Pago a Provedores. Dita adhesión ás novas condicións financeiras das operacións de endebedamento formalizadas na primeira fase do mecanismo de financiamento para o pago a provedores coa opción elixida : opción 3, supuxo optar pola redución máxima do



tipo de interese nuns 140 puntos básico, á cal se descontará o posible conste de intermediación bancaria por cambio de operativa e contratos, mantendo os actuais períodos de amortización e de carencia.

Así, cabe significar que a Entidade Bankia comunicou o pasado mes de setembro do 2014 os novos tipos aplicables á operación de préstamo subscrito co FF.PP pasando dun interese do 6 % a un interese do 4,020% e un tipo TAE do 4,140%.

Destacar a consignación dos importes por 12.672,67 €. e 7.000 €, total : 19.672,67 €. Correspondentes á Sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo Nº. 1 de Ferrol do 20 de maio do 2013 (J.A. Rodríguez Rozas) por responsabilidade patrimonial, así como esforzo que está supoñendo para o Concello a liquidación das débedas co Concello de Mugar dos polas obras da Piscina Ares-Mugar dos.

En materia de ingresos e particularmente respecto dos recursos ordinarios (capítulos primeiro a quinto), consígnanse todos aqueles que legalmente corresponde percibir e cuxa liquidación se prevé realizar durante o exercicio. Para isto, tomáronse como base os padróns fiscais do exercicio anterior e a recadación obtida nel polos distintos conceptos de ingresos, as ordenanzas en vigor, as subvencións xa concedidas ou recibidas ou ben que está previsto ou é habitual recibir e mais a restante información da que se dispón. A maior parte das modificacións son o resultado de aplicarlles aos dereitos liquidados en exercicios anteriores, as porcentaxes de aumento previstas polas distintas disposicións así coma os previsibles aumentos das correspondentes bases impoñibles, sen prexuízo da utilización dos datos concretos que xa se coñecen.



É de destacar en relación aos ingresos a continuación da aplicación das medidas previstas no Plan de Axuste (Pleno do 28-03-12, BOP núm. 209, do 2-11-12), así como medidas adoptadas no marco de solventar a situación económica do Concello, cunha situación de tesourería que foi mellorando e coas medidas de saneamento introducidas co devandito Plan de Axuste, seguirá mellorando a situación económica e financeira do Concello no presente exercicio económico.

MEDIDAS ADICIONAIS : O Concello de Ares, para paliar a difícil situación económica, fai uso da facultade permitida pola Deputación Provincial de destinar parte dos fondos do POS-2015 (135.488,30 €.) ao financiamento de gastos correntes, destinando para dito fin a cantidade de 52.724,53, **nos seguintes termos :**

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIÓNS	82.763,77 €	-----	82.763,77 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	52.724,53 €.		52.724,53 €.
TOTAL	135.488,30 €		135.488,30 €

Tamén cabe sinalar que na próxima sesión plenaria vai a proposta da Alcaldía de destinar a cantidade de 146.785,37 €. Do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015 da Excm. Deputación Provincial á redución do endebedamento, cun prazo de devolución de dez anos, dous de carencia e sen xuros.



Ciñéndonos estritamente aos xeitos que concirnen de modo directo ás Corporacións Locais, colle destacar os que se citan a continuación en relación ás seguintes materias:

DÉCIMO SÉTIMO.- INTERESE LEGAL DO CARTO E DE DEMORA. Para o exercicio 2015 a Disposición Adicional trixesima segunda da Lei 36/2014, de conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, de 29 de xuño, sobre modificación do tipo de interese legal do carto, este queda establecido no **3,50 por 100** ata o 31 de decembro do 2015, e o interese de demora a que se refire o artigo 26.6 dá Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeneral Tributaria, será do **4,375 por 100**.

DÉCIMO OITAVO.- En relación ó persoal do Concello, recepcionada a RPT redactada pola Deputación Provincial da Coruña, esta Secretaría unha vez máis como os anos 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014, ven a significar a necesidade de rematar a Relación de Postos de Traballo e o Catálogo de Postos de Traballo actualmente encomendada a GALIVALIA, en fase de negociación cos representantes sindicais, a cal como instrumento de ordenación da xestión de recursos humanos, e máis concretamente como expresión ordenada do conxunto de postos de traballo caracterizados por pertencer a unha mesma Unidade ou Dependencia da Administración, que deban ser desempeñados por funcionarios de carreira, por persoal eventual, indistintamente por uns ou outros, e por persoal laboral, coa detallada descrición das características e requisitos dos mesmos. A R.P.T. constitúe o principal instrumento organizativo da Entidade Local, pois se deseña o modelo organizacional a nivel de estrutura interna ordenando e clasificando o persoal en orde a asignación-realización concreta do traballo a desenrolar por cada persoa, adecuando os postos de traballo á responsabilidade, dedicación, preparación e titulación dos mesmos.



Mediante a R.P.T. racionalízase e ordena a función pública, e é un instrumento esencial da política xeral de persoal ó incluír na mesma a dimensión económica e orzamentaria.

Esta Secretaría unha vez máis perante as medidas adoptadas coa redución e conxelación da masa salarial por imperativo do Real Decreto-Lei 8/2010, do 20 de marzo, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público e na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a conxelación que efectúa o Real Decreto Lei 20/2011, recollida na Lei 17/2012, advirte da perentoria necesidade á vista da actual situación da deficiente asignación dos recursos personais e exceso de carga de traballo nalgunhas áreas -co conseguinte retraso- de efectuar unha reorganización dos postos de traballo así como analizar a procedencia de regularizar postos de traballo á vista de si son estruturais ou non, en base ao art. 22.dous da Lei 39/2010.

Se dita RPT vai adiante será necesario efectuar unha modificación da prantilla de persoal para adaptala á RPT que se aprobe.

Tamén recoméndase efectuar unha revisión da periodicidade dos órganos Colexiados do Concello, dando lugar a veces a un excesivo número de convocatorias.

En anos anteriores (2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014) insísteuse na necesidade perentoria de cubri-la praza de Interventor deste Concello para aliviar a carga dos servizos económicos e da Secretaría (semáns con tarefas polas tardes e fins de semán) e que permita levar a cabo unha fluida e eficaz función interventora, así como rendición de contas e transmisións ás distintas plataformas do MHAP, Xunta de Galicia, Tribunal de Contas e Consello de Contas de subministro de información. Transcurridos sete anos sen que se



provistase regulamentariamente dita praza, este ano o funcionario que suscribe novamente **advirte da urxente e inaplazable necesidade** de cubrir dita praza en orde a unha correcta e eficaz xestión e fiscalización económica-financeira. Como xa se informou en anos anteriores, este Concello co orzamento que posúe supera a municipios limítrofes que cun orzamento inferior ou similar, dispoñen dun funcionario de habilitación con carácter nacional na función Interventora (Neda-Cariño-Cedeira-Mugardos, etc.).

É de destacar o notable incremento de traballo na función interventora e tesorería consecuencia do Plan de Axuste en canto ao seu seguimento e información derivado do mesmo e da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e da Orde HAP/2105/212, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na citada Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financiera, da lei Orgánica 9/2013, Lei 2/2013 e Lei 25/2013.

Dase por reproducido novamente o exposto sobre a planificación dos recursos humanos efectuado nos informes presupostarios dos anos 2009 e 2010.

DÉCIMO NOVENO.- ESTABILIDADE ORZAMENTARIA.- A estabilidade orzamentaria é obxecto de informe adicional realizado con data 29 de xaneiro do 2014.

VIXESIMO.- SITUACIÓN ECONÓMICA. Nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998 pola que se autoriza a concertar unha operación de préstamo por importe de 21.383.216.- ptas., autorización solicitada ó abeiro do artigo 54.3 en relación co 50, parágrafo carto, apartados cinco e sete da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, na redacción dada pola Lei



13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e do Orde Social, establece a prohibición para o Concello de non producir incrementos da débeda viva bancaria a longo prazo, en tanto en canto non se conquiran cifras de aforro neto positivo.

A liquidación (última) do orzamento do exercicio de 2013 foi aprobada por Resolución da Alcaldía de 20 de marzo de 2014, cunhos ingresos correntes liquidados ou devengados de **4.420.025,80 €**

Cando unha Administración Local decide acudir a un préstamo a longo prazo debe ter en conta os artigos 49 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, é dicir debe dispor de aforro neto Positivo e non superar o **110% dos recursos liquidados**.

Así para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes a efectos de calcular o nivel de endebedamento, teráse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2014 ou anterior liquidado, e no seu caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxección a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria. A efectos do cálculo do capital vivo, consideraranse tódalas operacións vixentes a 31 de decembro de 2014, incluído o risco deducido de avales e incrementando, no seu caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2015 se has houbese; operacións que non hai previstas.

De acordo co anterior, no exercicio económico 2014, as entidades locais e a súas entidades clasificadas no sector Administracións Públicas que liquiden o exercicio 2013 –no presente caso por non estar ultimada a liquidación do exercicio 2014-, con aforro neto positivo, poderán concertar novas operacións de crédito a longo prazo para a financiación de inversións



cando o volume total do capital vivo non exceda do 110 por 100 dos ingresos correntes liquidados ou devengados, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados.

Aforro bruto e neto :

Liquidación orzamento 2013 último liquidado :

INGRESOS

I	1.618.342,61
II	97.729,70
III	738.015,71
IV	1.859.242,93
V	106.694,88
	4.420.025,83

GASTOS

I	1.607.300,55
II	2.083.913,08
IV	146.456,39
	3.837.670,02

GASTOS

IX	331.790,47
III	227.182,17

AFORRO BRUTO	582.355,81	Ingresos correntes (Cap I - V)	4.420.025,83
		Gastos correntes (Cap I, II y IV)	3.837.670,02
Anualidade teórica	558.972,64	Anualidade teórica da débeda (Cap IX + III)	558.972,64
		AFORRO NETO	23.383,17



AFORRO NETO **23.383,17**

Ingresos correntes (Cap I - V)	4.420.025,83
Gastos correntes (Cap I, II y IV)	3.837.670,02
Anualidade teórica da débeda (Cap IX + III (*))	558.972,64
AFORRO NETO	23.383,17

Situación da Entidade en términos do límite de endebedamento das operacións a corto prazo (31-12-14) :

	DEBEDA A CORTO PRAZO TOTAL	0,00 €.
=	% DEBEDA A CORTO	0 %

Situación da Entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2013 (31-12-14) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	3.764.609,66 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2013]	4.420.025,83 €
=	% DEBEDA V IVA	85,18 €

Situación da Entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2013 (31-12-13) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	4.206.101,00 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2013]	4.420.025,83 €.
=	% DEBEDA VIVA	95,16 %



Significar que coa liquidación do orzamento 2014, con un lixeiro incremento dos dereitos liquidados ten que diminuír a carga financeira expresada anteriormente.

Para ese efecto nos termos sinalados pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro con data 27 de novembro de 1998, por esta Secretaría-Intervención advírtese sobre o risco de manter a actual estrutura de ingresos e gastos correntes, se ben coas medidas adoptadas nos orzamentos anteriores dos exercicios 2013 e 2014 e o Plan de Axuste dase un avance en correxir dita estrutura. Esta Secretaría-Intervención considera necesario unha vez máis como ven advértindo en anos anteriores, vista a escasa recadación por ICIO, que se proceda a aplicar con rigor as taxas e prezos públicos e especialmente en relación ó ICIO mediante a oportuna comprobación administrativa, que modificará, no seu caso, a base imponible provisional, practicando a correspondente liquidación definitiva tendo en conta o custo real e efectivo dá mesma, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

Consideráse aconsellable cumprir as medidas previstas no plan de Saneamento aprobado ó abeiro do Real Decreto-Lei 5/2009, apartado II PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO, por acordo Plenario de data 24-07.09, no marco do Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril, de medidas extraordinarias e urxentes para facilitar ás Entidades Locais o saneamento de débedas pendentes de pago con empresas e autónomos, caso contrario esta Corporación presentará un marco económico crítico ou de colapso, que fará imposible facer fronte ás obrigas económicas adquiridas e futuras; situación que empezou a correxirse co cumprimento do mesmo e medidas adicionais de austeridade do gasto para recuperar un aforro neto de nivel cero ou positivo, fundamentalmente o Plan de Axuste aprobado ao abeiro do Real



Decreto-Lei 4/2012 á vez que é necesario esforzarse por recuperar os niveis de ingreso corrente de exercicios anteriores.

É necesario sobre as medidas estruturais urxentes e de carácter extraordinario que aprobaronse no Plan de Axuste, acompañalas dunha forte disciplina fiscal, incrementando as medidas de contención/aforro do gasto corrente e a eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha moderación ou redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, recomendándose efectuar unha redimensión de persoal á baixa, en función das necesidades reais e da carga de traballo de cada área.

Volvése a incidir como o informe dos orzamentos do exercicios 2011, 2012, 2013 e 2014, que ditas medidas podéanse acompañar dunha política adicional de aforro enerxético, mediante a redución dos puntos de luz a partir dunha hora determinada, redución de potencias ou a redución de material funxible dos servizos, tales como a impresión a dobre cara dos documentos, control das fotocopiadoras introducindo claves personais nas mesmas, aplicación estricta das taxas, en especial a ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, etc.

Así neste intre é de destacar os traballos para reducir a factura enerxética do que deuse conta na Xunta Local de Goberno do día 29-01-15, traducidos nun aforro estimado total de 69.447,75 €.



Tamén é de destacar nese senso o destino da totalidade da cantidade que corresponde a este Concello con cargo ao fondo extraordinario de apoio aos Concellos da Xunta de Galicia a gastos correntes.

Reproducéanse as medidas previstas no Plan de Saneamento Financeiro :

1. Accións programadas para o ano 2009

1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"

Practicar as liquidacións definitivas sobre o ICIO tendo en conta o custo real e efectivo das construcións, instalacións e obras, respecto do que até o momento só se facía a liquidación provisional. Estímase un maiores ingresos anuais por este concepto de 335.000 euros.

1.3. Sobre o Capítulo 3 "Taxas e outros ingresos"

a) Mellorar os sistemas de recadación, aplicando con rigor as taxas e os prezos públicos (expedición de documentos administrativos, ocupación de vías públicas, etc). Estímase unha maior recadación por esta acción de 75.000 euros anuais.

b) Establecer a taxa polo servizo de axuda no fogar. Recadación estimada: 25.000 euros anuais.

1.4. Sobre o Capítulo I "Gastos de Persoal".

a) A elaboración e aprobación da RPT permite unha mellor ordenación e racionalización dos recursos humanos e a súa adscripción a losservicios municipais. Isto traducirase nunha Redución das horas extraordinarias de 130.000 euros.

1.5. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Implantar un sistema de control e racionalización de Iso subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro anual de 130.000 euros.

1.6. Para eliminar o déficit de tesouraría anual:



Negociar cos axentes financiadores que as subvencións sexan prepagables.

Reclamar dos axentes financiadores que axilicen os pagos unha vez xustificadas os seus empregos polo Concello.

Instar os axentes para que a planificación da súa política de subvencións teña en conta o aspecto temporal para permitir que no ano natural execútese tanto o gasto como o ingreso.

2. ACCIÓNS PROGRAMADAS PARA O ANO 2010

1.1. Sobre o Capítulo 2 "Impostos indirectos"

a) Incrementar o tipo do ICIO de forma que se incrementa a recadación en 40.000 euros.

1.2. Sobre o Capítulo II "Gastos en bens correntes e servizos"

a) Mellorar e incidir no sistema de control e racionalización das subministracións para obras e servizos, co que se prevé un aforro adicional 42.352.43 euros anuais.

VIXESIMO PRIMEIRO.- INVERSIÓNS.- Nos ingresos figuran as achegas previstas do Estado-Deputación Provincial, a través do Plan de Obras e Servizos, anualidade 2015 (135.488,30 €.) dos cales se destinan para financiamento de gastos correntes 52.724,53 €, sin achega municipal ó P.O.S.-2015 en virtude das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal POS-2015 mediante acordo plenario do 27 de novembro do 2014 coas obras :

Acondicionamento do camiño Porta do Río	43.826,09 €.
Reparación de camiño de Maiobre a Lubre	38.937,68 €.

Obra no Plan Complementario :



Dotación de rede de abastecemento de auga potable a Solaina e Caamouco	34.949,22 €.
--	--------------

Tamén cabe facer referencia como mellora da situación económica do Concello, que o Período Medio de Pago a Proveedores (PMP) pasou no tercer trimestre do exercicio 2014 de **43,59** días a **38,51** días.

BASES UTILIZADAS PARA A AVALIACIÓN DAS OPERACIÓNS DE CRÉDITO PREVISTAS :

CARGA FINACEIRA.- Á vista da liquidación do orzamento do exercicio 2013 (última aprobada) cunhos ingresos liquidados por operacións correntes de 4.420.025,83 € e o capital vivo previsto : operacións a longo prazo (tendo en conta operacións vixentes, tanto a corto como a longo prazo), a situación sería :

Situación da Entidade Local en términos de debeda viva coa liquidación 2013 (31-12-14) :

	DEBEDA VIVA TOTAL consolidada	3.764.609,66 €.
/	INGRESOS CORRENTES [Liq. 2013]	4.420.025,83 €.
=	% DEBEDA VIVA	85,18 %

Cabe concluir á vista dos resultados do exercicio 2013 e tendo en conta que a liquidación do exercicio 2014 está sen pechar, que nas principais magnitudes económico-financeiras e orzamentarias o Concello de Ares mellora a súa situación en tódolos aspectos amosando, a primeira vista unha situación estable e financieramente saneada e cunha



execución orzamentaria equilibrada con superávit orzamentario, pero dita situación vese matizada de xeito negativo pola operación de préstamo concertada ao abeiro do Real Decreto-Lei 4/2012, do 24 de febreiro, poñendo ao Concello nunha situación difícil, se ben o Plan de Axuste da resposta á nova situación, sendo necesario cumprir estrictamente o devandito Plan de Axuste acompañando o mesmo dunha forte disciplina fiscal, acudindo a incrementar as medidas de contención/reducción do gasto corrente e da eficiencia no gasto, mediante unha xestión do gasto racional e controlada e actuacións relativas a reducir os gastos correntes, acompañada dunha redución dos gastos de inversión, por canto sempre implican gastos de mantemento durante a súa vida útil, redimensionando a estrutura de personal ao servizo da Entidade e reordenando os órganos colexiados.

Novamente por esta Secretaría-Intervención vólvese en relación as asignacións efectuadas ós grupos políticos aprobada na sesión Plenaria do día 25 de xullo de 2003 e na sesión de xullo de 2007, que de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e esencialmente a Lei 11/1999, de 21 de abril, de modificación da Lei 7/1985, de 2 de abril, hoxe en día recollido pola modificación efectuada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non poderanse destinar ditas cantidades ó pago de remuneración de persoal de calquera tipo ou servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial; e sen prexuízo de que sexa posta a disposición do Pleno da Corporación, volve ó igual que no informe ós orzamentos dos anos 2005, 2006, proxecto de orzamento de 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014 a solicitar formalmente ós grupos políticos a contabilidade específica de dotación, contabilidade que a día de hoxe non foi entregada en relación ós anos solicitados.



Insistir novamente na referencia ó Informe do Tribunal de Contas, remitido á Comisión Mixta Congreso-Senado para as Relacións co Tribunal de Contas, dado que en referencia a financiamento público dos Grupos Políticos Municipais, o apartado II do informe do Tribunal de Contas formula unha severa crítica a modificación ademais de fragmentar a unidade normativa en materia de financiamento de Partidos Políticos, coa conseguinte inseguridade xurídica que elo supón, incorpora un elevado marxe de indeterminación no límite cuantitativo desta modalidade de financiamento en cada Corporación Local, xa que soamente contempla a posibilidade de que as sucesivas Leis de presupostos Xerais do Estado establezan un límite, con carácter xeral, limitación que non foi recollida en ningunha das Leis aprobadas ata agora, e doutro lado non previuse ningún procedemento de fiscalización.

Na súa consecuencia, coas previsións que anteriormente quedan expresadas, coas excepcións efectuadas, logrouse a xuízo do funcionario informante a efectiva nivelación do referido orzamento.”

Acto seguinte dase conta do Informe Complementario que seguidamente se transcribe:

“INFORME COMPLEMENTARIO SECRETARÍA

ORZAMENTO 2015

Adaptación de Ordenanzas e Bases de Execución á factura electrónica

O artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece a obriga a todos os provedores que entreguen bens ou prestado servicios á Administración Pública a expedir e remitir factura electrónica, e en concreto a:



- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

No seu apartado segundo, da posibilidade ás Entidades Locais de excluír regulamentariamente da obriga de facturar electronicamente, en dúas situacións:

a) Facturas ata un importe de 5.000 euros.

Nin a Lei 25/2013, de 27 de decembro nin a súa normativa de desenvolvemento establecen si este importe inclúe ou non impostos e/ou descontos ou cargos que poidan aplicarse á factura.

Si falamos de importe total da factura, é dicir, do importe a pagar, débese entendela incluídos.

En concreto, respecto ao IVE, o art. 88.1 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, establece que os suxeitos pasivos deberán repercutir integramente o importe do imposto sobre aquel para quen se realice a operación gravada, quedando este obrigado a soportalo sempre que a repercusión se axuste ao disposto na Lei. Por esa razón, as facturas emitidas por empresario ou o profesional que presten un servizo ou realicen unha entrega, deberán repercutir o IVE correspondente.

Por tanto, o provedor que prestou os seus servizos ao Concello, actúa correctamente ao aplicar o IVE, que a Entidade deberá pagar.

Doutra banda, a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa no seu Informe 43/2008, de 28 de xullo de 2008 dispón que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido:

«Siempre que el término empleado sea distinto de precio, valor estimado o presupuesto, deberá entenderse que, por regla general, si el artículo hace referencia a la fase de preparación o adjudicación del contrato, el término que se emplea (cuantía, importe o cualquier otro similar) deberá referirse al concepto de presupuesto, lo cual supone estar



a lo dispuesto en los artículos 131, 189 y 195 del Reglamento, si bien, en ningún caso, deberá considerarse incluido el Impuesto sobre el Valor Añadido.

Por el contrario, cuando en el precepto que utilice el término de que se trate se refiera a la fase posterior a la adjudicación del contrato, habrá que ponerlo en relación con el término precio.

A este respecto, el término precio debe ser interpretado a tenor de lo dispuesto en el artículo 75.1 de la Ley de Contratos del Sector Público que lo considera como la retribución del contratista. Siendo así, es criterio de esta Junta Consultiva que cuando en la Ley de Contratos del Sector Público se habla de precio del contrato debe entenderse el importe íntegro que por la ejecución del contrato percibe el contratista. Ello resuelve a su vez la problemática referente a si en el precio debe o no incluirse el importe del Impuesto sobre el Valor Añadido que grava la operación. Se puede plantear la duda por el artículo 75.2 de la Ley dispone que "En todo caso se indicará, como partida independiente, el importe del Impuesto sobre el Valor Añadido que deba soportar la Administración".

Esta expresión puede interpretarse tanto en el sentido de que el Impuesto forma parte del precio, si bien debe hacerse constar separadamente su importe, como que éste es partida independiente del precio.

La conclusión más adecuada, sin duda, es considerar que en el precio está incluido el importe a abonar en concepto de Impuesto sobre el Valor Añadido, como se desprende por el hecho de que se mencione, aunque sea para decir que se haga constar separadamente, en el artículo que regula con carácter general el precio de los contratos.»

Nos mesmos termos pronúnciase o Informe 26/2008 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Desta forma, determina que cando no TRLCSP-RDL 3/2011 faise referencia ao prezo, importe, valor estimado deberá entenderse que, por regra xeral, si o artigo fai referencia á fase de preparación ou adxudicación do contrato, en ningún caso, deberá considerarse incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Pola contra, cando no precepto que utilice o termo de que se trate refírase a a fase posterior á adxudicación do contrato, haberá que poñelo en relación co termo prezo do contrato, é dicir, o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o importe a abonar en concepto de Imposto sobre o Valor Engadido.

Así as cousas e polo propio criterio de prudencia ao interpretar ao límite, este funcionario entende que o importe das facturas de «**ata un importe de 5.000 euros**» debe entenderse con impostos incluídos, por tratarse da fase de execución do gasto e porque á fin e ao cabo é o importe total a pagar pola Entidade Local.

b) Facturas emitidas polos provedores aos servizos no exterior.

Esta exclusión manteráse ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e



Administracións Públicas, e os servizos no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servizos.

Para analizar de que maneira débese interpretar a potestade regulamentaria das Entidades Locais debemos acudir a dúas normas básicas:

- O artigo 4 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en diante LRBRL-L 7/85.

«Artigo 4 :

1. Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos Municipios, as Provincias e as illas:

a) As potestades regulamentaria e de auto organización.»

- O artigo 9 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, en diante RD 500/1990.

«1. El Presupuesto General incluirá las bases de ejecución del mismo que contendrán, para cada ejercicio, la adaptación de las disposiciones generales en materia presupuestaria a la organización y circunstancias de la propia Entidad y de sus Organismos autónomos, así como aquellas otras necesarias para su acertada gestión, estableciendo cuantas prevenciones se consideren oportunas o convenientes para la mejor realización de los gastos y recaudación de los recursos, sin que se pueda modificar lo Legislado para la administración económica ni comprender preceptos de orden administrativo que requieran Legalmente de procedimientos y solemnidades específicas distintas de lo preceptuado para el Presupuesto (artículo 146.1, LRHL).

2. Las Entidades locales regularán, entre otras materias, en las Bases de Ejecución del Presupuesto lo siguiente:

[...]

g) Documentos y requisitos que, de acuerdo con el tipo de gastos, justifiquen el reconocimiento de la obligación.

[...]

3. Las Bases de Ejecución del Presupuesto de cada ejercicio podrán remitirse a los Reglamentos o Normas de carácter general dictadas por el Pleno.



O artigo 4.1.a) da LRBRL-L 7/85, atribúe aos Concellos potestade regulamentaria, é dicir, capacidade para desenvolver, dentro da esfera das súas competencias, o disposto nas Leis estatais ou autonómicas. Como consecuencia desta potestade, os Concellos poden ditar disposicións de carácter xeral e de rango inferior a Lei, sen que, en ningún caso, estas disposicións poidan conter preceptos opostos ás Leis.

Sen prexuízo dos Bandos da Alcaldía, a potestade regulamentaria dos Concellos materialízase a través das Ordenanzas e Regulamentos aprobados polo Pleno Municipal.

Fálase de Ordenanzas para referirse a as normas Municipais con efectos sobre os cidadáns e de Regulamentos para as normas internas de auto organización. Con todo, trátase de dous termos que expresan unha mesma realidade Xurídica: normas de natureza regulamentaria elaboradas polo Pleno dun Concello.

Ademais de Bandos, Ordenanzas e Regulamentos, tal e como dispón o artigo 9 do RDP 500/1990, as Entidades Locais **tamén poden regular os seus procedementos nas Bases de Execución aprobadas conxuntamente nos Orzamentos Anuais**, e en concreto, de conformidade co apartado 2.g), poden establecer documentos e requisitos que xustifiquen o recoñecemento da obriga.

Desta forma, á espera do desenvolvemento da Lei de impulso da factura electrónica neste sentido, entendo que estas exclusións de facturas poderíanse concretar de dúas formas:

- Mediante as Bases de Execución do Orzamento e dadas as datas nas que nos atopamos, incluíndo unha nova base con motivo do Expediente de Aprobación do Orzamento de 2015.
- Mediante a modificación dunha Ordenanza ou Regulamento ou Regulamento de Organización Municipal ou o Regulamento da Administración Electrónica, para introducir as exclusións de facturas.

Ambas son medidas de aprobación por parte do Pleno e son unha vertente da potestade regulamentaria e de auto-organización das Entidades Locais.

Considerando que a vixencia das Bases de Execución do Orzamento é anual, sempre que están unidas ao propio Orzamento da Corporación, a miña recomendación sería regular as exclusións de factura electrónica mediante a modificación dunha Ordenanza ou Regulamento existente, cuxa vixencia será permanente.

Ademais, pola propia natureza da Ordenanza e Regulamento, o artigo a incluír poderá recoller tamén o Punto Xeral de Entrada de Factura Electrónica e os códigos DIR3 derivados da estrutura organizativa da Entidade dándolle así rango normativo.

En definitiva, a exclusión nas bases de execución do orzamento ou na modificación dunha Ordenanza ou Regulamento existente, parece o máis prudente, dado que non temos consolidado o procedemento interno dentro



da Entidade, que a futuro permitirá plasmalo con maior rigor e exactitude nun Regulamento ou Ordenanza propia para a tramitación de facturas, tanto electrónica, como física.

Ares, a catro de febreiro do 2015.

O Secretario-Interventor.

Redacción base 28 execución : FACTURA ELECTRÓNICA. TRAMITACIÓN.-

1- En cumprimento da obriga deste Concello de dispor dun Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas para permitir a presentación electrónica de todas as facturas e outros documentos emitidos polos provedores e contratistas, implantar e habilitar o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas do Concello de Ares a través da seguinte dirección url: face.gob.es, accesible a través da propia dirección (O Concello de Ares está adherido ó RCF (Rexistro Contable de Facturas Automatizado de entidades adheridas ao sistema contable da Deputación Provincial de A Coruña).

2- Estarán obrigados a facturar electronicamente todos os provedores que entreguen bens ou prestado servicios a este Concello desde o 15 de xaneiro de 2015 e en concreto, tal e como dispón o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público:

- Sociedades anónimas.
- Sociedades de responsabilidade limitada.
- Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- Unións temporais de empresas.
- Agrupación de interese económico, Agrupación de interese económico europea, Fondo de Pensións, Fondo de capital risco, Fondo de investimentos, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de titulación hipotecaria ou Fondo de garantía de investimentos.

En virtude da potestade regulamentaria conferida de acordo co apartado segundo do referido artigo, estarán excluídas da obrigación de facturar electronicamente a este Concello as facturas de ata un importe de cinco mil euros (5.000,00 €.), impostos incluídos.

Determinase por este Concello establecer este importe, incluíndo impostos de conformidade co criterio da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa nos seus Informes 43/2008, de 28 de xullo de 2008 e 26/2008, de 2 de decembro de 2008 dispón que o prezo do contrato debe entenderse como o importe íntegro que pola execución do contrato percibe o contratista, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Igualmente quedan excluídas das facturas emitidas polos provedores aos servicios no exterior, ata que ditas facturas poidan satisfacer os requirimentos para a súa presentación a través do Punto xeral de entrada de facturas electrónicas, de acordo coa valoración do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e os servicios no exterior dispoñan dos medios e sistemas apropiados para a súa recepción nos devanditos servicios.

3- Os códigos DIR3 deste Concello, de acordo coa súa estrutura organizativa, son:



Código da oficina contable: L01150047 SERVICIOS ECONÓMICOS.

Código do órgano xestor: L01150047 AYUNTAMIENTO DE ARES.

Código da unidade de tramitación: L01150047 TESORERIA.

Os pregos de cláusulas administrativas de todos os concursos que publique este Concello deberán conter esta codificación, que será indispensable para a remisión de todas as facturas electrónicas.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas inicialmente asignou a todas as Entidades Locais os 3 códigos DIR3, sendo o mesmo código para o código de entidade, o da unidade de tramitación e o da oficina contable. Por tanto, os 3 códigos DIR3 son idénticos. “

Sometido a votación os orzamentos, o Pleno do Concello por 7 votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 1 NAL), e 5 votos en contra (4 P.P. e 1 BNG), acorda:

1º.- Aprobar con carácter inicial o orzamento para o exercicio de 2015, plantilla de persoal e relación de postos de traballo.

2º.- De conformidade co artigo 169 por remisión do 177 do R.D.L 2/2004 de 5 de marzo, expoñer a información pública o orzamento, plantilla e relación de postos de traballo polo prazo de quince días mediante Edicto publicado no B.O.P.

3º.- No caso de ausencia de reclamacións-alegacións o presente acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo.

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
	A) OPERACIÓN CORRENTES	
1	Gastos de persoal	1.785.167,85
2	Gastos de bens correntes e de servizos	2.540.002,00
3	Gastos financeiros	133.520,00
4	Transferencias correntes	185.055,20
5		
	TOTAL OPERACIÓN CORRENTES	4.643.745,05
	B) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Investimentos reais	361.686,65



7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	1306.00
9	Pasivos financeiros	540.000
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		902.992.65
TOTAL GASTOS		5.546,737.70

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE (€)
A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos	1.839.827.89
2	Impostos indirectos	60.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.434.212,00
4	Transferencias correntes	1.935.436,38
5	Ingresos patrimoniais	9.206,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		5.278.682.27
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Enaxenación investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	112.258,06
8	Activos financeiros	9.012,00
9	Pasivos financeiros	146,785.37
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		268.055,43
TOTAL INGRESOS		5.546.737.70



Na citada sesión, tamén se acordou aprobar o cadro do persoal funcionario, laboral e eventual para o 2014 o cal se detalla a continuación:

CADRO DE PERSOAL-2015

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Categoría	Prog	Núm	Grupo	Subgrupo	Escala	Situación
Secretario	920	1	A	A1	H. Nacio.	Propiedade
Interventor	934	1	A	A1	H. Nacio.	Vacante
Tesoureira-Administrativo	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Vacante
Administrativo	934	1	C	C1	Ad. Xeral	Propiedade
Administrativo	920	4	C	C1	Ad. Xeral	Propiedade
Oficial Xefe Policía Local	132	1	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade
Policía Local	132	2	C	C1	Ad. Espec.	Propiedade
Psicólogo/a	231	1	A	A1	Ad. Espec.	Propiedade
Trabaxador/a Social	231	1	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Arquitecto Técnico	151	2	A	A2	Ad. Espec.	Propiedade
Axente desenvolto local	241	1	A	A2	Ad. Xeral	Propiedade
Auxiliar Biblioteca	334	1	C	C2	Ad. Espec.	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Categoría	Prog	Núm	Titulación	Situación
Director Técnico Deportivo	341	1	Lic. INEF	Propiedad



Capatáz	453	1	Est. Prim	Propiedad
Chófer vehículos municipais	453	1	Est. Prim	Propiedad
Oficial 1ª	453	4	Est. Prim	3 Prop 1 vac
Conserxe C.P.I. Conde Fenosa	323	1	Est. Prim	Propiedad
Limpadoras	920	3	Est. Prim	Propiedad

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Categoría	Prog	Núm	Titulacion	Situación
Educadora Social	231	1	Diplom.	Temporal
Auxiliar Advo.	231	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Ludoteca	323	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Urbanismo	151	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Ec.	934	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Servizos Xer.	920	1	ESO	Temporal
Auxiliar Advo. Sec. Xulgado T/parcial	920	1	ESO	Temporal
Auxiliares Policía Local	132	5	ESO	3 Tem. 6m, 2 Tem. 3m
Auxiliar Centro 3ª idade	231	1	ESO	Temporal
Peón Maquinaria	453	1	Est.Prim	Temporal
Axente Telecentro	334	1	Bach/FP2	Temporal
A.D.L.	241	1	Diplom.	Temporal
Advo.-Oficial 1ª S.X.Auga	161	1	Bach/FP2	Temporal
Oficial 1ª S.X.Auga	161	1	Est.Prim	Temporal
oficial 3ª S.X.Auga	161	1	Est.Prim	Temporal

D) PERSOAL EVENTUAL-CONFIANZA

Categoría	Prog	Núm.	Titulacion	Situación
------------------	-------------	-------------	-------------------	------------------



Auxiliar Administrativo Alcaldía 912 1 ESO Temporal

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 10.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade e co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 11.- MOCIÓNS E PROPOSTAS.-

A) MOCIÓN DO BNG: "MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE UNHA AUDITORIA.

Dase cnta da Moción presentada polo Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

“ O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate no Pleno da Corporación, a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ante a presión fiscal que sufrimos os veciños e veciñas de Ares, derivada da situación económica do Concello, creemos que é necesario que veciñanza debe ter unha información económica contrastada, xa que é nosa obriga ofrecela como xestores da “cousa pública”.

A débeda viva do Concello de Ares a data 31 de Deembro ded 2008 era de 2.350.000 e a 31 de Decembro de 2013 situámonos en 4.207.000 Euros segundo os datos publicados polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Cumpre entón, por a disposición dos administrados e administradas, toda a información que explique cal é o estado financeiro do seu Concello, e que esta información estea contrastada polos organismos que teñan encomendada a labora de fiscalización e control das contas públicas.



De acordo co anterior, e dado a Lei 6/1985, do Consello de Contas reserva a competencia para acordar a iniciación do procedemento fiscalizador ao Pleno da Institución” sométese á consideración do Pleno a aprobación do seguinte:

ACORDO:

1.- Solicitar ao Consello de Contas unha auditoria das contas do noso Concello.”

A Alcaldía Presidencia, propón que o asunto quede sobre a Mesa.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía de que o asunto quede sobre a Mesa o Pleno da Corporación por 6 votos a favor do Grupo Municipal Socialista, 5 votos en contra (4 do Grupo do Partido Popular e 1 do Grupo Municipal do BNG), e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda deixar o asunto sobre a Mesa.

A petición do Sr. Alcalde faise constar en acta, que o Sr. Mesias Farias na súa intervención manifesta **“.....aínda estou esperando que se me mostren os recibos da telepeaxe por que eu estou seguro que o Alcalde utiliza a telepeaxe para viaxes persoais e eso non o ten que pagar o Concello....”**

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente, pregunta os Voceiros dos Grupos se teñen algunha Moción para someter ó Pleno pola vía de Urxencia, non presentándose ningunha moción.

PUNTO NÚM. 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas intervén o Voceiro do BNG Sr. Mesias Fariás, Resolucións a Resolución 14/15 referida a proposta da Concelleira de Persoal para a contratación dun operario de obras e mantemento municipal, e nos tiñamos entendido que se creara unha bolsa de emprego, para este tipo de cousas, non entendemos porque hai esa proposta, habendo unha bolsa de emprego, e logo mirando as resolucións dinme conta doutro tema.

Na Resolución 6/15 creo que era urxente regularizar dalgunha maneira as facturas de gas natural que chegan a Casa da Xuventude, non pode ser que despois do tempo que levamos recepcionada a obra que aínda esas facturas cheguen a nome da empresa Titin e Hijos, creo que é urxente regularizar esa situación.

En canto á resolución 21/15, queremos saber a que é debido eso, que o Concello paga unhas facturas do seguro do vehículo da recollida do lixo, de diversos exercicios, e se aproba a emisión dunha liquidación e que ascende a 7562 euros, eu o



que entendo e que aquí o Concello paga esta factura, e que lle require a empresa esa que a abone.

Na Resolución 32/15 aprobouse a lista da bolsa de emprego de oficial de 1ª de obras e servizos e revisada esta e ante as dúbidas e vacíos legais sobre as Bolsas de Traballo, e aconsellable que dita Resolución sexa revisada por unha comisión seleccionadora, e no seu caso, que resolva as alegacións presentadas á mesma, e se nomea a un tribunal supoño que para que avalie, queremos saber de que vai esa historia, a isto se acompaña o informe do Secretario, e queremos saber que o Alcalde o explique e nada máis pola nosa parte.

O Sr. Alcalde, resposta que o tema este é que cando se fai a bolsa para a valoración de méritos os traballadores interesados teñen que acreditar os servizos prestados entón houbo quen non acreditou nada, ou houbo quen acreditou contratos, e as bases recollían expresamente que se tiñan que acreditar por certificacións expedidas polo Concello e unha certificación se expediu mal, entón unha certificación efectivamente non recollía todos os días de servizo, entón cando nos dimos conta, efectivamente tivemos que rectificar e obedece a que un traballador tiña moitos máis días de servizo que os que lle recollía a propia certificación, unha vez comprobada sube o posto número 2, e se vai a modificar a bolsa de emprego para poñelo de segundo.

Interven o Voceiro do Grupo Popular Sr. Sixto Galiano, quen cede o turno a súa compañeira Sra. Martínez Martínez: a primeira e a canto ascendeu o gasto público da homenaxe os republicanos fuxidos a Francia.

A segunda queremos saber o balance anual do rescate da auga que non se nos comunicou nada.

A terceira, recibiron por parte da Deputación un equipo de limpeza de tuberías por alta presión, e queremos saber cales son as persoas encargadas de poñer a funcionar este equipo.

A cuarta é cal é motivo de non convocar, a praza de Interventor.

E a quinta polo que vin no orzamento entendo que a Mesa de Contratación, van persoas con adicación exclusiva e funcionarios, e quero que me digan se cobran a contía da Comisión correspondente a esta Mesa.



E por último un rogo se fixo un cambio de vías e números e desde o noso grupo pedimos que sinalice os números e os nomes das rúas.

Resposta o Sr. Alcalde, que o acto que fixemos coa Asociación de memoria Historica, básicamente consisteu na aportación de medios, que eran os medios, a sa, a cartelería, o equipo de son, unha comida e unha estatua, entonces o custo e a suma de todos estes conceptos, a cartelería foron 100 euros, a sa xa nada salvo que queiramos medir a luz, a comida foron 600 euros, e a estatua foron 12.000 euros,.

O equipo de presión, e para o servicio de augas, entonces o manexan Sisto e Marcial, unha cousa e o manexo que o polos empregados do servicio de augas, e outra e o transporte da maquina xa que nin Sisto nin Marcial teñen carnet para remócalo, cando se necesite a máquina xente con carnet a remolca, pero eso non é usala.

O balance de Aquagest, cando se aproba a Conta Xeral alí ven todo, ven ata o que pide Emilio, se olvidou de buscalo e agora quere que o demos todo xunto, é unha petición xenerica que non está permitida polo ordenamento, entonces el todos os anos pudo velo, na Conta Xeral, efectivamente o orzamento é unha habilitación de gasto, logo ti gastas ou non gastas, onde se ve como gastas é na conta xeral, entonces do mesmo modo que vos vichedes as miñas comidas que poñía tanto, miñas dietas, tamen pon peaxe, pero buscalos de un e un leva moito traballo, entonces que o faga o Interventor que di que ten moito chollo, cando eles tedes todas as miñas comidas, todas as miñas dietas, e todos os peaxes, e cuestión de buscalo, pero como aquí é máis comodo que o faga o Interventor, eu non entendo como vosoutros vichedes todas miñas comidas, todas miñas dietas, pois están todos os peaxes, porque o banco factura o telepeaxe, e pon o día e si o día coincide cunha dieta é que viaxei con cargo o Concello, e se hai un día de telepeaxe que non coincide con nada ou non pasei a dieta, ou efectivamente di ese señor que viaxei con cargo o Concello para temas meus persoais que xa se veran, efectivamente o Interventor o ve e o sabe, como comprenderas o telepeaxe canta, ti pasas e o banco factura, e ves a data e buscas a dieta correspondente.

Sr. Emilio Mesias, eso é o que non me deixas ver.

Sr. Alcalde, non perdona todo o mundo ve as miñas comidas, as miñas dietas, eso é o que ti queres que te den porque te crees un señorito, e xa te dixen que aquí Secretarios teus ninguen, o buceas na Conta Xeral, aquí se fan acusacións, porque que lle acusen a un de ladrón sin selo e “moi jodido”, porque aquí te teñen que chamar ladrón con probas, el coa xeta de piano que ten, por eso é músico, e capaz de dicir que



eu co telepeaxe fago viaxes persoais e capaz deso e máis, en calquer caso na Conta Xeral vedes miñas comidas, vedes todo se o tedes publicado no facebook, eu non podo esconder nin unha factura. Entonces o balance de Aquagest está na Conta Xeral, en augas ten que vir nos orzamentos os ingresos e os gastos, agora é un servizo municipal ten que vir nos orzamentos, eu pensei que me falabas da liquidación con Aquagest, agora a auga é municipal polo tanto os ingresos da auga veñen como ingresos, e o que nos costa reparar as roturas e os soldos de Marcial veñen como gastos.

Sra. Martinez Martínez, como a conta Xeral non se aproba agora, o que quero saber se o balance é positivo ou negativo.

Sr Alcalde é positivo.

Con respecto a pregunta sobre a praza de Interventor, o Sr. Alcalde manifesta que nos non e que convoquemos ou deixemos de convocar a praza de Interventor, ti sabes que a oferta de emprego público estaba conxelada, a conxelou o teu goberno, e sacar unha praza de Interventor é oferta de emprego público, entonces a oferta de emprego público a conxelou o PP, pero por lei estamos obrigados a dotala, pero non a podemos convocar porque o goberno conxelou a oferta de emprego público, entonces un Interventor non é un persoal laboral que contratas como contratamos, non para ter interventor hai que facer oferta de emprego público, porque o interventor é un funcionario que entra aquí por oferta de emprego público, e está conxelada, este Alcalde nos seus 7 anos de goberno non fixo oferta de emprego público, eu seguin coa oferta de emprego público que deixou o goberno anterior, que eran dúas prazas de auxiliares de policía que eu cando cheguei a Alcaldía estaba o procedemento iniciado, e como non fixen ningunha tampouco fixen a de Interventor, facer a interventor so é unha decisión política, entonces efectivamente dicidin non facer oferta de emprego público e tamén e certo que estaba prohibida polo goberno, pero cando non estivo prohibida tampouco a fixen, e dicir podendo facela para o interventor e para máis tampouco a fixen.

As Mesas de Contratación, efectivamente van os políticos e vai persoal, antes o procedemento era bastante, flexible, porque por que antes se podían facer as contratacións efectivamente por procedementos moito máis sencillos, e dicir por negociado sen publicidade onde invitas ti as empresas, un procedemento moito máis rápido, evidentemente nos non o facemos así, en outros sitios fan negociados sen publicidade, nos non o facemos así, para evitar sospeitas, porque vemos o que está pasando en Concellos, decidimos facer o procedemento máis complicado, e dicir



concursos e todos con publicidade, teñen que ir os Boletíns Oficiais, hai que andar pendentes da publicación, en tantos días a presentación da documentación, Mesa para abrir primeiro o sobre técnico, logo notificarlles para efectivamente subsanen, logo abrir o sobre económico, polo xeral baixa temeraria, que teñen que xustificar, é dicir escollimos o procedemento máis complexo no que non hai trampa, os compañeiros do teu grupo que van á Mesa de Contratación saben que aquí non se dan as obras a dedo, en cada proceso de contratación gaña a empresa e ninguen sabe a que vai a gañar, entonces ó elixir os procedementos máis complexos se multiplica o traballo, porque hai que estar moi pendente deso e por desgracia doutras cousas, porque non temos a ninguen para mesas de contratación, o que leva as Mesas de Contratación, leva nóminas e mil cousas máis, os técnicos teñen que facer informes, porque ti sabes que cando se abre o sobre técnico se puntúa, cando abrimos o sobre económico tamén hai que puntuar, entonces es sobre carga de traballo a levan para casa, porque se a fan aquí, Benito se me fai aquí os informes, algún fara non digo non que non o faga, pero me deixa de facer outras cousas, e José se me fai esas cousas me deixa de facer outras, entonces eu prefiro non pagarlles horas extras, non lles pago horas extras se teñen que quedarse lles pago a mesa e punto, por certo non e decidin eu, saleu do Secretario-Interventor, que prefires pagar horas extras porque a xente se queda a facer os informes fora do seu horario ou pagar a mesa, claro unha hora extra xa é casi o que cobran pola mesa e non o fan nunha hora, entonces eles fan o seu traballo e se brindan, e en vez de horas extras cobran efectivamente a asistencia a Mesa como a cobran os políticos, o ano pasado foi Benito a todas e agora para compensar este ano vai a ir Alfonso, e o que te preguntas tamen o preguntamos nos, é xusto que se cobren esas mesas de contratación. Se son por procedementos sencillos onde se fai unha invitación veñen tres empresas, e a das ó mais barato, non pero si fas o procedemento como facemos aquí, que teñen que facer informes, xustificar a baixa temeraria etc., e que por suposto se quedan algunha tarde, porque cando a mesa de contratación é temos prisa por adxudicar, (en tres días que subsanen), e estamos pendentes e se teñen que vir polas tardes veñen polas tardes para que estén os informes ós tres días, e en vez de pagar horas extras se opta por pagar a Mesa.

Sr. Martinez Martinez, ¿vostede á cobra?.

Sr. Alcalde, eu non cobro que teño adicación exclusiva, os que cobramos soldo, non cobramos por pleno nin por nada. Cobran os Concelleiros que non teñen adicación exclusiva e os técnicos.



En relación o rogo de que se lle puxeran os nomes ás rúas, estamos con eso pero vale moito diñeiro, este ano vai unha partida

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta e sete minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,